



## **Asunto: Permisos para a reciclaxe profesional.**

A normativa que regula a relación do persoal empregado público coa Administración configura as retribucións como a contraprestación debida pola realización de servizos efectivos inherentes a un nomeamento. Con todo, a propia normativa prevé supostos, como os permisos retribuídos, nos que se exceptiona este principio xeral de reciprocidade das prestacións e se perciben as retribucións correspondentes sen a contrapartida que supón a prestación de servizos.

Entre estes permisos figura o previsto para o persoal directivo, tralo seu cesamento, no artigo 62 do Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Atendendo á regulación que incorpora dito artigo resulta evidente que a finalidade deste permiso retribuído é a realización dunha reciclaxe profesional dirixida a poder desenvolver axeitadamente as actividades e funcións que corresponden trala reincorporación desde o posto directivo.

Por outra parte, os permisos para a reciclaxe profesional, na práctica, se teñen aplicado ocasionalmente a outro persoal que permañeceu temporalmente desvinculado das actividades e funcións técnicas propias da súa profesión para desenvolver outras funcións consideradas de interese público, xa sexa nunha situación de servizos especiais (determinados cargos electivos ou representativos, altos cargos,...), xa sexa en situación de activo (caso do persoal con permiso sindical a tempo completo). Porén, para estes permisos de carácter graciable tampouco se teñen fixado ata o momento uns criterios de aplicación homoxénea.

A normativa xeral, singularmente nos últimos tempos, vén impondo ás administracións públicas a obriga de xestionar o gasto e os recursos públicos con criterios de responsabilidade e de eficiencia, atendendo á situación económica e ao



cumprimento do principio de sustentabilidade financeira (Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira).

Tal mandato debe despregar os seus efectos nos diferentes ámbitos de actuación do Servizo Galego de Saúde e, polo mesmo, no réxime de concesión de calquera permiso retribuído –incluídos aqueles destinados á reciclaxe profesional–, toda vez que neste caso se están a asignar recursos públicos –unha retribución– sen demandar a prestación de servizos que resultaría esixible.

Consonte ao que antecede, debe ordenarse a concesión de permisos para a reciclaxe, por parte das xerencias das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, coa seguinte finalidade:

- 1) Que o permiso previsto no artigo 62 do Decreto 206/2005 atenda á causa da súa concesión.

Por tal motivo, e tomando como base o que establece o artigo 69.3 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (BOE Núm. 301, do 17/12/2003), as xerencias, con participación do persoal beneficiario do permiso, disporán as medidas oportunas para que dito persoal asuma progresivamente as actividades, funcións e responsabilidades propias da súa profesión. Para tales efectos establecerán as medidas de formación e actualización que se consideren precisas para asumir plenamente, trala finalización do permiso, as actividades inherentes ao nomeamento.

- 2) Que os permisos para a reciclaxe profesional doutro persoal que veu desempeñando outras funcións consideradas de interese público –permisos de carácter graciable– atendan tamén á súa finalidade e teñan unha duración axustada á mesma.



Por tal motivo, as xerencias valorarán as circunstancias concorrentes en cada caso, dando especial relevancia ao contido das funcións que serán desenvolvidas trala incorporación e ao tempo de desvinculación da actividade profesional. Con base nestas circunstancias, nos supostos e nas categorías profesionais en que estea suficientemente xustificado, fixarán a duración do permiso de reciclaxe, tomando como referencia unha duración inicial máxima de un mes desde a incorporación.

Para o caso de que o permiso de reciclaxe estea suficientemente xustificado, igualmente establecerán, con participación do persoal beneficiario do permiso, un programa para que este asuma progresivamente, no centro e con carácter xeral, durante a xornada de traballo, as actividades, funcións e responsabilidades propias da súa profesión, coas medidas de formación e actualización que resulten pertinentes.

Para a concesión dos permisos a que aluden os puntos 1 e 2 será precisa a solicitude da persoa interesada dirixida á xerencia da institución na que procede reiniciar a actividade profesional. Dita xerencia resolverá atendendo aos criterios anteriores. Os permisos previstos no punto 2, no caso de que deban prorrogarse máis aló dun mes desde a reincorporación, deberán ser autorizados por este centro directivo.

**Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2011**

**A Directora de Recursos Humanos**



**Esperanza Fernández Lago**

**DIRECCIÓNS / XERENCIAS  
INSTITUCIÓN SANITARIAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**